

Concurso de relatos curtos de ultratumba

A biblioteca do IES As Telleiras convoca con motivo da celebración do Samaín 2022 o "Concurso de relatos curtos de ultratumba". As bases son as seguintes:

- 1- Poderá participar todo o alumnado matriculado no centro.
- 2- Os relatos contarán unha historia ORIXINAL de terror.
- 3- Deberán entregarse escritos a ordenador, cunha extensión aproximada dun folio polas dúas caras á seguinte dirección: bibliotelleiras@telleiras.org
- 4- Cada relato deberá ir identificado co nome e apelidos do/a participante, o curso e o grupo.
- 5- A data límite para entregar os relatos será o luns 24 de outubro de 2022.
- 6- Fallo do xurado: o xurado estará composto polo equipo de biblioteca e o nome da persoa gañadora darase a coñecer o venres 28 de outubro, durante a celebración do Samaín.

